

TEATRO

PEQUENOS ACTOS PSEUDORREVOLUCIONARIOS

Compañía: Ibuprofeno Teatro

Creación e interpretación: Marián Bañobre e


Santiago Cortegoso

Movemento escénico: Carmela Bueno

Iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Imaxe: Dlego Seixo



Un novo teatro político

Inma López Silva

Leva o seguinte subtítulo: “que non serven para cambiar o mundo pero fan que quedemos máis tranquilos”, e nesa frase, longa para un título, curta para un argumento, queda recollida a intención final deste espectáculo pouco pretencioso e, quizais por iso, divertido, crítico, refrescante. Baixo a aparencia dunha historia de amor e convivencia con fondo político, *Pequenos actos pseudorrevolucionarios* conta, en realidade, as contradicións dunha esquerda algo gastada, presa entre as boas intencións, as utopías e as comodidades da sociedade benestante. Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, dun xeito artístico, posiciónanse cos críticos e renovadores da vella *gauche divine* ao elaborar unha peza que recolle de xeito lúci-

do unha serie de reflexións que os posiciona como creadores dunha sorte de novo teatro político, tan necesario nos tempos que corren.

Á marxe destas cuestións, interésame de *Pequenos actos pseudorrevolucionarios* a opción por un teatro no que os dous creadores-intérpretes optan por tirar partido dunha linguaxe na que eles adoitan estar acertados: a mestura entre un teatro de obxectos capaz de integrar todas as linguaxes da contemporaneidade teatral coas liñas de interpretación máis clásicas e/ou realistas, constituíndo así unha linguaxe fresca que o espectador agradece e que, ademais, lles permite xogar visualmente con ideas e sensacións que intensifican as mensaxes do texto e do conflito tradicional.

Nesta ocasión esa integración conséguese a través dunha referencia visual permanente, tanto na escenografía coma no vestuario, vencellada aos bonecos infantís chamados “clics” da marca Playmobil, aludindo así, ademais, a un referente que identifica ao *target* idóneo de público ao que se dirixe a peza: a xeración entre os 30 e os 40 anos que xogou con eses xoguetes e que, ancorada na utopía pseudorrevolucionaria, sofre dun xeito particular as consecuencias desta crise na perda dun benestar que crían (criamos) indiscutibelmente conquistado.

Neste contexto escénico, son a imaxe visual/obxectual e a estrutura dramaturxica fragmentaria da peza (a modo de distintos *sketches* case televisivos que marcan distintos momentos cronoloxicamente desordenados da historia de amor e convivencia dos protagonistas), máis que as cuestións de técnica interpretativa propiamente ditas, as que centran a linguaxe expresiva dos actores e, deste xeito, xeran un espectáculo que logra distinguirse do resto no panorama teatral actual. Velaí, por tanto, a intelixencia de Ibuprofeno Teatro. Algo que, ademais, as espectadoras agradecemos.

Pequenos actos pseudorrevolucionarios é unha desas pezas que deixa un pouso de satisfacción en quen a ve capaz de reconcilialo co teatro como arte con sentido social, aínda que, a cambio, sae unha do teatro cunha certa sensación de desasosego ante un mundo descontrolado que só podemos atinxir a través de cousas tan contrarias coma a utopía ou o sentido práctico. Teatro para aprender, en definitiva.